



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. PRESIDENTE DO COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE PONTEVEDRA, PARA QUE SE ADOPTEN AS MEDIDAS PRECISAS PARA PROCEDER Á INMEDIATA CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS E GARANTIR A DIFUSIÓN DA CONVOCATORIA NA PÁXINA WEB DO COLEXIO.

Expedientes: T.11.Q/13257/17
ao T.11.Q/13638/17

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2017

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dunhas queixas formuladas por parte dun grupo de profesionais Colexiados do Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra- COEPO-, con sedes en Vigo e Pontevedra.

ANTECEDENTES

As queixas formuladas solicitaban a intervención da Valedora ante o Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra, porque entendían que os estatutos desta corporación de dereito público foran feitos a medida da directiva, e permiten non renovar esta ao non convocarse publicamente eleccións, considerando que a xestión é realizada con criterios desleais, escurantistas e antidemocráticos, que deron lugar á existencia dunha execución forzosa -no Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Pontevedra-, por mor dunha débeda do Colexio de Enfermería de 3,9 millóns de euros e os seus correspondentes intereses-, requirindo a esta institución para que interveña para conseguir unha maior transparencia e convocatoria democrática de eleccións coa creación dunha xestora que garanta a transparencia da xestión.

O expediente iniciouse con data do 20 de xuño de 2017. Desde entón tras numerosos escritos e unha reunión que tivo lugar o 21 de febreiro de 2018 recompilouse a seguinte información:

- A Xunta de Goberno de COEPO ostenta a representación dende fai 30 anos.
- Salvo a convocatoria de eleccións do ano 1998, na que houbo tres candidaturas, en todos os demais casos de conformidade co disposto no artigo 66 dos Estatutos vixentes, (Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra, da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local), procedeuse a proclamar a única lista de candidatos, sen celebrarse eleccións.
- A duración do mandato dos cargos directivos é de 7 anos, de acordo co artigo 56.2 dos estatutos (reforma parcial por Orde do 1 de setembro de 2008)
- Na acta da Asemblea Xeral de 30 de decembro de 2010 aprobouse que *“en consideración a la circunstancia excepcional que suponía la previsible litigiosidad con el Consejo General de Colegios Oficiales de Enfermería de España, -sobre la que ya hemos informado anteriormente-, el mandato se prorrogaría hasta dos años si a su fin estuviese aún vigente algún procedimiento judicial de reclamación de aportaciones económicas entre el Consejo General y este Colegio; supuesto existente en la actualidad hallándose en este momento la Junta de Gobierno en esa prórroga acordada de forma asamblearia.”* Igualmente consta que non se quere integrar no Consello Autonómico de Colexios de Enfermería, co fin de que non haxa una perda de autonomía do Colexio e, en concreto, perda da *“autonomía presupuestaria y asistencial que pretende, además de la pérdida de soberanía pues a través de ese Consejo Autonómico, que estaría integrado por tres colegios afectos al Consejo General, éste podría intervenir indirectamente en la vida colegial”*.

Os acordos que se tomaron foron:

- Ratificarse na negativa a atender os requirimentos de pago de achegas do Consello Xeral en tanto unha resolución xudicial non o determine.
- Facultar á Xunta de Goberno a pospoñer a convocatoria de novas eleccións colexiais ata un prazo máximo de dous anos, con data límite do 13 de setembro de 2018, en tanto subsista este conflito co Consello Xeral.

- Facultar á Xunta de Goberno a artellar todos os recursos posibles a fin de opoñerse á constitución dun Consello Autonómico Galego de Colexios Profesionais de Enfermería e, de constituírse, opoñerse a que o Colexio se integre nel.
- Facultar á Xunta de Goberno a encomendar a defensa de futuras controversias co Consello Xeral á empresa que asume o resto da asesoría xurídica do Colexio e á renovación do seu contrato de servizos con ampliación do prazo ata 15 anos.”
- Aprobar os balances dos exercicios anteriores pechados desde a última Asemblea Xeral e o correspondente ao actual ano 2010 así como o presuposto de 2011.
- Facultar á Xunta de Goberno para aprobar os presupostos anuais colexiais, as súas diferentes partidas e posterior balance.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A normativa aplicable aos colexios profesionais é en primeiro termo a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, e de acordo co disposto no artigo 150.2 da Constitución a competencia de titularidade estatal asumíuse por desenvolvemento legislativo e de execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, e ditouse a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ambas normas prevén, nos seus artigos 10 e 10 bis das respectivas leis, a existencia dun portelo único que permita convocar aos colexiados e colexiadas ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

A pesar do tempo transcorrido para que se facilitara a información por parte do colexio, esta institución carece da información suficiente para coñecer se o órgano plenario foi convocado ao menos unha vez ao ano como establece o artigo 20 da Lei 11/2001, do 18 de setembro; cal foi o quórum que aprobou no ano 2010 un acordo en virtude do que non se ían a celebrar eleccións ata un límite máximo fixado o 13 de setembro de 2018, aínda que a propia acta recolle durante o debate que só no suposto de que a esa data (setembro de

2016) persista a controversia sobre as supostas achegas debidas ao Consello Xeral, se prolongará ese mandato ata un máximo de dous anos mentres tal controversia subsista, convocándose novas eleccións en todo caso antes do 13 de setembro de 2018.

En todo caso, a petición de que se convoquen novas eleccións coincide co feito de que xa existe unha resolución xudicial, que establece a obriga de facerlle fronte ás aportacións ao Consello Xeral de ámbito nacional.

Da análise da información achegada e da documentación que obra no expediente, non se atopa base legal nin estatutaria na que poida fundamentarse a decisión de non convocar as preceptivas eleccións para a renovación do órgano directivo, fundándose unicamente na existencia dun procedemento xudicial en curso.

O funcionamento ordinario dos órganos colexiados determina que, naqueles acordos debidamente adoptados, os sucesivos órganos reitores asuman as decisións dos órganos precedentes cando se substanciaron na vía xudicial, dada a executividade das resolucións xudiciais.

A Asemblea Xeral non ten conferida estatutariamente a función de prorrogar o mandato de Xunta Directiva.

A alusión que fai o informe ao previsto no artigo 70 dos Estatutos do colexio, nada ten que ver coa natureza deste acordo asembleario, xa que o que prevé é a aprobación dos regulamentos de réxime interior e das normativas electorais e as súas modificacións, pero isto require un procedemento específico e non un mero acordo da asemblea sen terse realizado o trámite legal para unha modificación normativa.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese colexio a seguinte RECOMENDACIÓN:

Que o Colexio de Enfermería de Pontevedra adopte as medidas precisas para proceder á inmediata convocatoria de eleccións cumprindo os requisitos do artigo 59 dos estatutos publicados no DOG o pasado 12 de xaneiro de 2005.

Que se tomen as medidas oportunas para garantir que a páxina web do colexio, tal como prevé o artigo 10 bis da Lei 11/2001, de 18 de setembro, permita o

coñecemento polos colexiados e colexiadas da convocatoria da xunta extraordinaria de eleccións nos termos previstos nos estatutos e a normativa propia destas corporacións de dereito público.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Todas estas cuestións afectan directamente ao funcionamento do colexio, e serán comunicadas á consellería competente por razón da materia para o seu coñecemento.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo